

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN:

Cada persoa poderá participar (e inscribirse) **NUNHA SOA DAS RUTAS** ofrecidas en febreiro, marzo e abril.

O Parque enviará un correo á persoa titular uns días antes da realización da ruta para recordarlle a súa inscrición, confirmar a realización da ruta e darlles os datos de pago do barco contratado.

A actividade guiada na Illa é de balde, pero cada persoa ten que **asumir os gastos de transporte** no barco contratado. O importe aboarase á empresa de transporte **con anticipación**, unha vez o parque lle envíe un correo electrónico cos datos de pago.

Para non poñer en risco a realización ou non da visita, e que esta sexa economicamente rendible para a navieira contratada, **a devolución deste importe anticipado SÓ** se fará no caso de que a organización ou a navieira anule a visita. **NON SE DEVOLVERÁ** no caso de que a propio participante anule fora do prazo establecido ou non apareza a data da visita.

Tanto para RESERVAR como para ANULAR a praza na web poderase facer ata **4 días antes** da realización da ruta (ex: se a ruta faise o domingo, o mércores será o último día para reservar ou anular na web).

Para calquera problema coa reserva chamar ao 886218090 (de luns a venres de 9-14h) ou 886218082 (de 10:00 a 14:00 de luns a xoves e tamén de 16:30 a 19:30 o venres e sábado) ou enviar correo a: iatlanticas@xunta.gal

A Dirección do Parque reservarase o dereito de CANCELAR a actividade ou modificar os seus horarios en función do número de inscricións, as condicións meteorolóxicas ou outras causas de forza maior, avisando previamente a todos os participantes.